




PROXECTO ESCOLA MICE

Curso 23/24 - OUTUBRO A MARZO





QUE É?

É unha proposta da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego ao redor do cinema e a etnografía dirixida aos centros escolares. Escola MICE aborda esta temática dun xeito práctico realizando unha peza curta audiovisual na aula contando co apoio, o asesoramento e sesións formativas nos propios centros impartidas polo persoal da área educativa da MICE Museo do Pobo Galego.

PARA QUEN?

A proposta está dirixida a alumnado de 1º da ESO a 2º de Bacharelato.

PARA QUE?

Polo tanto, o obxectivo principal é ese achegamento ao cinema etnográfico como ferramenta de estudo, investigación e traballo sobre a súa contorna e sobre eles e elas mesmas. Neste sentido, a proposta busca que sexan as propias rapazas e rapaces quen tomen a palabra para documentar e narrar a súa visión sobre aspectos sociais e culturais que lles atinxen, por exemplo: as relacións no propio centro, coa familia, ou coa veciñanza; sobre a historia, as costumes, as crenzas ou as festas; ou sobre os cambios sociais que se poden ter producido na comunidade, principalmente, daqueles dos que eles e elas poden ser protagonistas.

Con esta proposta gustaríanos estar contribuíndo a alfabetización cinematográfica do alumnado e a aprendizaxe sobre o audiovisual como ferramenta de estudo, de divulgación e de expresión e comunicación da ollada e das ideas propias.

QUE OFRECE?

Asesoramento e formación para profesorado e alumnado:

- Reunións co profesorado responsable previas ao desenvolvemento da proposta na aula.
- Tres aulas de 100 minutos cada unha, impartida no propio centro e distribuídas entre o 1º e o 2º trimestres.
- Acompañamento da área educativa da MICE durante todo o proceso. Este acompañamento é tamén efectivo para o alumnado.

A formación do alumnado baseada en dúas patas:

- A do cinema, achegando os elementos fundamentais da linguaxe e a narrativa audiovisuais, e as técnicas que permitan ao alumnado producir unha peza curta audiovisual.
- A da etnografía e a antropoloxía visual, para que aborden o traballo que a Etnografía fai sobre as sociedades e a cultura, desde as propias experiencias e na súa comunidade.

COMO?

Escola MICE, polo tipo de proposta que é, debe limitar o alumnado que pode participar en cada edición. É por iso que cada centro interesado pode postular a unha soa aula de entre o alumnado de ESO e Bacharelato, a que o centro considere.

Para isto tedes que cumprimentar **este formulario** con información sobre o voso centro **antes do 9 de outubro**. Haberá un comité que, no prazo de 10 días, deberá seleccionar aos centros escollidos que serán notificados nese prazo.

CANDO?

O prazo de solicitude é até o 9 de outubro ás 13h.

O desenvolvemento da proposta para os centros seleccionados será entre o 24 de outubro e o 10 de marzo, mes en que se celebrará a Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego.

As pezas deberán estar rematadas e entregadas o 10 de marzo de 2024 para formar parte dos contidos da 19º edición do festival.

QUE REQUIRE O PROGRAMA?

O primeiro, tempo e gañas para implicarse e implicar ao alumnado no proxecto.

Despois, algo a ter en conta é que para ser seleccionado, o centro debера ter unha conexión estable de Internet; ordenadores (o recomendable é un para cada tres participantes aínda que isto se pode flexibilizar); e un canón proxector ou equipo de proxección para os visionados durante as tres aulas do programa.

Para realizar a curta pódense utilizar os móbiles da rapazada. Agora mesmo, e coa calidade de imaxe que teñen os terminais, estes xa están pasando a formar parte dos cambios e avances do cinema no xeito de filmar e de narrar. Ademais do manexo de aplicacións e ferramentas, a telefonía móbil ten moita influencia na socialización da mocidade e mesmo na conformación da súa identidade e de como a proxectan. Con estas premisas aproveitamos as posibilidades do móbil e o seu uso cun obxectivo didáctico.

Se o centro conta con outros medios técnicos con cámaras de tipo doméstico ou profesional, podemos tirar proveito deles.

PREZO

De balde.

ALGO MÁIS?

O curso pasado celebramos a edición piloto de Escola MICE .

Podedes ver as pezas resultantes na canle de Vimeo do Museo do Pobo Galego, [nesta ligazón](#).

PRECISADES CONSULTAR ALGO?

Escribide a micepetis@museodopobo.gal

